RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se declaran decaídas no seu dereito ao trámite de subsanación as persoas que non formularon a correspondente reclamación ás listas provisionais de admitidos e excluídos nos procedementos selectivos de acceso e ingreso aos corpos docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 28 de xaneiro de 2022 (DOG n.º 20, do 31 de xaneiro, corrección de erros, DOG n.º 59, do 25 de marzo) (código de procedemento ED001A).

Por Resolución do 30 de marzo de 2022, publicada o mesmo día na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, aprobáronse e fixéronse públicas as listas provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas aos procedementos selectivos de ingreso e acceso aos corpos docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 28 de xaneiro de 2022 (DOG do 31 de xaneiro)

O apartado terceiro da dita resolución establecía un prazo de cinco (5) días hábiles para que as persoas interesadas puideran formular as reclamacións que considerasen oportunas e, de ser o caso, emendasen os defectos que motivaran a súa exclusión, estipulando que, de non facelo así, serían definitivamente excluídas do procedemento selectivo. Este prazo abranguía dende o 31 de marzo ata o 6 de abril, ambolos dous incluídos.

O artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dispón que se poderá declarar decaidos no seu dereito ao trámite aos interesados que non os cumprimenten dentro do prazo concedido, previa notificación da resolución na que se teña por transcurrido o dito prazo.

Á vista do anterior, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVE:

Primeiro. Declarar, unha vez transcurrido o prazo concedido, decaídas no seu dereito ao trámite as persoas interesadas que, consonte ao establecido no apartado terceiro da Resolución do 30 de marzo de 2022, non tiveran formulada a súa reclamación ou non emendaran os defectos que motivaron a súa exclusión do procedemento.

Segundo. Publicar esta resolución no portal web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Esta publicación surtirá efectos de notificación as persoas interesadas consonte ao establecido no artigo 45.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a mesma data, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos,

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

Asinado por: ALVAREZ BERTOLO, JESUS MANUEL
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 19/04/2022 17:12:19

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.gal

CVE: 1GGfsj9onx71
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve